

MOCIÓN DE AER SOBRE REGULAMENTO DAS ASIGNACIÓN OU SUBVENCIONS AOS GRUPOS POLITICOS DO PLENO

PLENO 26 FEBREIRO 2015. ACTA 3/2015

O PP reformou recentemente a Lei de Racionalidade e Sustentabilidade da Administración Local. Con esta reforma preténdese mellorar o control económico-financeiro nos municipios, facéndoo máis rigoroso e reforzando o papel da función interventora. Así mesmo, a exposición de motivos desta lexislación sinala que se pretende unha maior transparencia na información económico-financeira das entidades locais. Con todo, non modifica a insuficiente regulación actual das asignacións económicas aos grupos municipais, que segue quedando a decisión do pleno municipal.

Como é coñecido, actualmente os grupos políticos electos a nivel local teñen dereito a unha asignación económica en función da representatividade outorgada nas urnas. Esta asignación, ou axuda, debería establecer claramente o gasto ao que se pode destinar esa axuda económica, a forma e prazos de xustificación, e mesmo a devolución dos cartos non gastados para as finalidades específicas. A precaria redacción desta normativa é incoherente coa reiterada demanda de establecer bases obxectivas e claras en tódolos procedementos de concesión de axudas ou subvencións con recursos públicos a entidades, colectivos, asociacións ou particulares.

Por estes motivos, e observando un baleiro importante neste senso, propoñemos os seguintes ACORDOS:

- 1. Establecemento dun regulamento sobre as asignacións aos grupos políticos con representación no pleno.**
- 2. Establecemento do procedemento para fiscalizar as contas derivadas desas asignacións aos grupos políticos electos.**
- 3. Presentación anual das contas relacionadas cos gastos obxecto das asignacións aos grupos políticos.**
- 4. Constitución dunha comisión de seguimento dos gastos correspondentes a ditas asignacións a grupos políticos, composta por membros do pleno dos diferentes grupos representados.**
- 5. A emisión anual pola anterior comisión de seguimento dun informe público da fiscalización dos gastos por grupo político e a cuantificación das devolucións do gasto non xustificadas, en caso de existir, a realizar por cada grupo.**
- 6. Elaboración dun informe ao final do mandato onde se detalle o balance dos catro anos correspondentes e que se proceda a devolución por parte de cada grupo político ao Concello, das posibles cantidades sobrantes existentes nestas contas correspondentes a estas**

asignacións por parte de cada grupo, xa que a responsabilidade deses cartos cambiará co cambio de mandato e por tanto co cambio de grupo, pechando así a contabilidade deses catro anos de asignacións e grupo político en particular.

7. Dito informe final deberá ser tido en conta á hora da revisión e nova aprobación por parte do pleno cando fixe as cantidades correspondentes para estas asignacións no seguinte mandato.

VOTACIÓN E ACORDO.-

Tras o debate, a proposta da moción queda redactado do seguinte xeito:

“Redactar un regulamento sobre as asignacións aos grupos políticos con representación no pleno que, inclúa, entre outras cuestións, as seguintes: establecemento do procedemento para fiscalizar as contas derivadas desas asignacións, presentación anual das contas relacionadas cos gastos obxecto das asignacións aos grupos políticos,etc”

Promovida a votación da moción coa nova redacción, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER).